



VENRES 17 de ABRIL 2020

NOTA INFORMATIVA PARA O ALUMNADO E FAMILIAS

Boa tarde!

Adiantamos aquí algunha información en relación coa posta en marcha do 3ª trimestre:

1.- **VIDEOCLASES:** Nesta semana de regreso á actividade lectiva na que probamos as videoclases constatamos desaxustes e vemos necesario mellorar a coordinación de horarios e tarefas. Esta situación excepcional esixe empatía, solidariedade e xenerosidade por parte de toda a comunidade educativa.

A próxima semana contaremos cun **HORARIO DE VIDEOCLASES** provisional por curso, que estará situado na marxe dereita da web do centro (enriba da **CORONAXENDA**). Nel aparecerán as horas nas que cada grupo ten unha videoclase planificada polo seu profesorado, cun máximo de 4 sesións diarias.

2.- **ESO e FP BÁSICA:** no mesmo horario de videoclases apareceravos unha sesión semanal de titoría na que vos podedes conectar con Maruxa a orientadora e /ou co voso titor ou titora. Axudaranvos a organizar as actividades e tarefas escolares.

3.- **EXAMES DE MATERIAS PENDENTES:** Vanse retrasar as datas dos exames de pendentes agardando a poder realizalos de forma presencial. De non ser posible, artellaranse sistemas de avaliación alternativos que poñeremos no voso coñecemento. O alumnado con materias pendentes doutros cursos debe seguir repasando e facendo as tarefas programadas para cando poida realizar os exames.

4.- **AVALIACIÓN 3º TRIMESTRE:** A Consellería de Educación está redactando unhas instrucións provisionais que serán postas á vosa disposición en canto sexan definitivas.

Apertas, paciencia e **MOITO ÁNIMO!!!**

SAÚDOS E SAÚDE!!!